

**ACTA NUMERO TRINTA E CINCO DAS CELEBRADAS POLA
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO EN
SESIÓN ORDINARIA O DÍA VINTE E SEIS DE XULLO DE DOUS
MIL DEZ : - - - - -**

=====

PRESIDENTA:

D^a. Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS:

- D. Salvador Duran Bermúdez
- D^a M^a Paz Lago Martínez
- D. Ángel Casal Moldes
- D. Constantino Sanmartín Quiñones
- D^a Almudena Aguín Fernández
- D. Manuel López Méndez
- D. Martín Otero Otero
- D. Mario Caldas Agís
- D. David Otero Domínguez
- D^a Sandra Fernández Agraso
- D^a Gloria González Camiña
- D. Albino Caneda González
- D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
- D. José Ramón López Fernández
- D. José Luís Rodríguez Lorenzo

NON ASISTE:

D. Manuel Lores Puente

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita.

=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e seis de xullo de dous mil dez, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse no Salón de Sesións os/as Sres. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebra-la sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta e pública a sesión, ó obxecto de trata-los asuntos incluídos dentro da Orde do Día da convocatoria.-----

A) PARTE DISPOSITIVA :

ACTA ANTERIOR :

411º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O DÍA 31 DE MAIO DE 2010 . Pola **Sra. Presidenta** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación a acta que se somete a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, aprobouse a referenciada acta por unanimidade dos membros da Corporación presentes.-----

412º) EXPTE. Nº U-047/09 DE “TOFIVE, S.L.U.”. PROPOSTA DO CONSELLO DA XERENCIA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA “PROPOSTA DE DELIMITACIÓN DE TRAMOS DE FACHADA MARÍTIMA NA RÚA DA PRAIA DOS BARCOS DE SANXENXO, E ESTUDO DE DETALLE DE HOMOXENEIZACIÓN DO TRAMO Nº 2.”. Polo **Sr. Secretario** dáse conta do dictame favorable da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Urbanismo de 22 de xullo de sobre esta proposta.

Non se produce debate e a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que deuse o seguinte resultado :

Votos a favor : 12 (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Mixto)

Votos en contra : cero

Votos pola abstención : 4 (Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia o Pleno da Corporación, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO: prestar **APROBACIÓN DEFINITIVA** á **Delimitación de tramos de fachada marítima da Rúa Praia dos Barcos, Sanxenxo, e Estudo de Detalle de homoxeneización da fachada marítima do tramo nº 2,** redactado a instancias da mercantil “**TOFIVE S.L.U.**”, polo Arquitecto Superior D. Juan Carlos Cabanelas Rodríguez, con data de Visado Colegial de 17 de marzo de 2009.

SEGUNDO: ter por extinguida a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación, edificación e demolición no ámbito do citado Estudo de Detalle, consonte o disposto no art. 77.3 párrafo segundo da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia

TERCEIRO: publica-lo Acordo de Aprobación Definitiva do instrumento referido no apartado 1º), no prazo dun mes dende a súa adopción no Diario Oficial de Galicia, e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas no Boletín Oficial de Pontevedra, ó abeiro do disposto no art. 92.2) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. E notificar dito Acordo persoalmente tódolos interesados no expediente.

CUARTO: comunicar á Consellería de Medioambiente, Territorio e Infraestructuras, conforme o disposto no art. 92.3 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, o Acordo de aprobación definitiva da Delimitación de tramos de fachada marítima na Rúa Praia dos Barcos, Sanxenxo, e Estudo de Detalle de homoxeneización da fachada marítima do tramo nº 2, redactado a instancias da mercantil “TOFIVE S.L.U.”, polo Arquitecto Superior D. Juan Carlos Cabanelas Rodríguez, con data de Visado Colegial de 17 de marzo de 2009, e á vez darlle traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con tódolos planos e documentos que integran o documento sobre o que tivera recaído o acordo de aprobación definitiva, debidamente dilixenciados polo Secretario do Concello, facendo constar dito extremo. Referindo no anuncio de aprobación definitiva a remisión da documentación á Consellería de Medioambiente, Territorio e Infraestructuras. -----

413º) EXPTE. Nº U-645/07 DE “PROMOCIONES PORTONOVO, S.L.”. PROPOSTA DO CONSELLO DA XERENCIA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO “ESTUDO DE DETALLE DE HOMOXENEIZACIÓN DE FACHADA MARÍTIMA NA AVDA. DE PONTEVEDRA, DA VILA DE PORTONOVO”. Polo Sr. Secretario dáse conta do dictame favorable da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Urbanismo de 22 de xullo de sobre esta proposta.

Non se produce debate e a Sra. Presidenta someteu a proposta a votación na que deuse o seguinte resultado :

Votos a favor : 12 (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Mixto)

Votos en contra : cero

Votos pola abstención : 4 (Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia o Pleno da Corporación, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO: prestar APROBACIÓN DEFINITIVA ó Estudo de Detalle Modificado de homoxeneización da fachada marítima da Avda. de Pontevedra (paseo de Caneliñas), no núcleo de Portonovo, redactado a instancias da mercantil “PROMOCIONES PORTONOVO S.L.”, polo Arquitecto Superior D. José Antonio Sueiro Sueiro, con data de Visado Colegial de 3 de marzo de 2009.

SEGUNDO: ter por extinguida a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación, edificación e demolición no ámbito do citado Estudo de Detalle, consonte o disposto no art. 77.3 párrafo segundo da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia

TERCEIRO: publica-lo Acordo de Aprobación Definitiva do instrumento referido no apartado 1º), no prazo dun mes dende a súa adopción no Diario Oficial de Galicia, e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas no Boletín Oficial de Pontevedra, ó abeiro

do disposto no art. 92.2) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. E notificar dito Acordo persoalmente tódolos interesados no expediente.

CUARTO: comunicar á Consellería de Medioambiente, Territorio e Infraestructuras, conforme o disposto no art. 92.3 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, o Acordo de aprobación definitiva do Estudo de Detalle Modificado de homoxeneización da fachada marítima da Avda. de Pontevedra (paseo de Caneliñas), no núcleo de Portonovo, redactado a instancias da mercantil “PROMOCIONES PORTONOVO S.L.”, polo Arquitecto Superior D. José Antonio Sueiro Sueiro, con data de Visado Colegial de 3 de marzo de 2009, e á vez darlle traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con tódolos planos e documentos que integran o documento sobre o que tivera recaído o acordo de aprobación definitiva, debidamente dilixenciados polo Secretario do Concello, facendo constar dito extremo. Referindo no anuncio de aprobación definitiva a remisión da documentación á Consellería de Medioambiente, Territorio e Infraestructuras.“”-----

414º) EXPTE. Nº U-858/08 DE CARLOS BARBEITO FERNÁNDEZ. PROPOSTA DO CONSELLO DA XERENCIA DE DENEGACIÓN DE SOLICITUDE DE APROBACIÓN DO ESTUDO DE DETALLE PARA REORDENACIÓN DE VOLUMES E REAXUSTE DE ALIÑACIÓNS EN RÚA PROGRESO, 17- SANXENXO. Polo Sr. **Secretario** dáse conta do dictame da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Urbanismo de 22 de xullo de sobre esta proposta.

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, sinalou que a pesar de que ían a votar a favor da proposta, consideraban que non tiña lóxica que ao remate da tramitación do expediente se chegue a conclusión de que un estudo de detalle non é a figura adecuada, o asunto debeu estudarse na xerencia de urbanismo previamente, dubidando da eficacia dese organismo autónomo e engadindo que neste caso concreto, o axeitado sería facer un estudo previo á concesión da licenza que pediu o mesmo promotor nun terreo lindeiro. Remata a súa exposición indicando que a esta conclusión podía haber chegado nun principio polo que, entende, que se trata dun erro.

A Sra. **Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Mixto**, dixo que mantería o voto dado en comisión de abstención ante a existencia de informes contradictorios, favorable o do arquitecto e negativo o da asesoría xurídica.

O Sr. **Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, subliñou que efectivamente, se daba esa disparidade nos informes pero o do arquitecto era urbanístico, non sinalando se se atopaba ou non de acordo con el, pero si comparte o informe xurídico ao entender que non se trata da figura apropiada e aínda que, doe perder tantos anos o certo e que os informes se fixeron en base o que presentou o peticionario.

O Sr. **Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP**, explicou que primeiro se concedeu unha licenza de demolición, posteriormente para a construción do edificio e máis tarde, un estudo de detalle, non podendo adiviñar a xerencia de urbanismo o que ía a facer o promotor na finca colindante. Engadiu que no expediente se incluíron o solicitante informes

externos que houbo que estudar e por iso se demorou a tramitación.

O **Sr. Otero Domínguez** indicou que o erro estaba na vinculación a un acceso público na licenza e a xerencia tiña que detectalo, non limitarse a traballar solo co que se presenta para tramitar. Se existira anticipación se evitaría prexudicar a ninguén.

A **Sra. Alcaldesa** matizou que a xerencia de urbanismo tramitou a licenza presentada por un particular conforme á normativa urbanística e si posteriormente, se presentou un estudo de detalle con informes externos o que cómpre é estudalo detidamente para buscar a seguridade xurídica, posto que o que vale non é o que pensan os políticos senón os técnicos, entendendo que o que había que facer para solucionar este asunto era unha modificación puntual e iso xa o sabe o propio promotor.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** queixo deixar constancia de que o vial a que se refire este asunto non é na realidade mais que un acceso peonil, e a **Sra. Alcaldesa** precisou que o importante era que no plan xeral se definía como vía pública.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que deuse o seguinte resultado :

Votos a favor : 14 (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Mixto)

Votos en contra : 0

Votos pola abstención : 2 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo)

En consecuencia o Pleno da Corporación, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO: denega – la aprobación do Estudo de Detalle de ordenación de volumes e de reaxuste de aliñacións en rúa Progreso nº 17, Sanxenxo, redactado polo Arquitectos Antonio Hernández Crespo, Javier Aballe Lago e Ernesto Cid Sueiro en novembro de 2008, con data de Visado do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de 5 de decembro de 2008, e co Anexo complementario suscrito polos anteditos Arquitectos con data de visado de 23 de decembro de 2009, presentado por D. Carlos Barbeito Fernández, en base ós Informes obrantes no expediente.

SEGUNDO: notifica – lo Acordo denegatorio ós interesados no expediente.-----

415º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DO 31/MAIO/2010 DE APROBACIÓN DUN CONVENIO ENTRE OS CONCELLOS DE BUEU, MARÍN, PONTEVEDRA, POIO E SANXENXO E A SOCIEDADE ESTATAL “AGUAS DE LA CUENCA DEL NORTE, S.A.” (aquaNorte). Polo **Sr. Secretario** dáse conta do dictame favorable da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais de 22 de xullo de sobre esta proposta.

Non se produce debate e a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación que foi aprobada por unanimidade de todos os membros presentes.

En consecuencia o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo :

**** Modifica-lo punto primeiro do acordo adoptado polo Pleno na sesión celebrada o 31 de maio de 2.010 de aprobación do convenio entre os Concellos de Pontevedra, Marín, Poio, Bueu e Sanxenxo e aquaNorte para a construción e explotación da obra “Novo abastecemento de auga a Pontevedra e a súa Ría” no senso de que o convenio que se aproba é o facilitado na versión 100706, manténdose nos seus termos o resto do acordo.**

Asemade que se dirixa escrito a aquaNorte para que no procedemento de desenvolvemento do convenio se adapte con exactitude o Anexo II deste as obras e instalacións que son o seu obxecto descrito na cláusula I b) do convenio.-----

416º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ENCOMENDA DO CONCELLO DE SANXENXO AO ORGANISMO AUTÓNOMO “TERRA DE SANXENXO” PARA XESTIÓN A DO CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES (CIM). Polo Sr. **Secretario** dáse conta do dictame favorable da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais de 22 de xullo de sobre esta proposta.

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, dixo que esta proposta se trataba dun mero trámite para esclarecer á consellería quen é o órgano que leva este servizo, pero a cuestión de fondo era preguntarse a donde quere levar a xunta a prestación deste importante servizo. Consideraba que o razoable era que funcionara cun compromiso mais pleno por parte da Xunta de Galicia sen descargar a xestión nos concellos pola vía da subvención e sen saber qué pasará a partir do ano 2013. Tamén sinalou que debería actuarse coordinadamente e en rede como se facía polo anterior goberno autonómico, xa que senón acabaría desaparecendo este servizo en aras da austeridade aludida polo partido popular.

A **Sra. Alcaldesa** aludiu a que o anterior intervinde practicamente non se cingiu case nada ao punto da orde do día e dixo, respecto do horizonte de 2013, que había que agardar posto que foi o anterior goberno autonómico o que imputou esta actuación aos fondos europeos, non o partido popular.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que foi aprobada por unanimidade de todos os membros presentes.

En consecuencia o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO : Encomendar ao **Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo** a xestión do **Centro de Información ás Mulleres do Concello de Sanxenxo** consistente na realización das seguintes actividades:

A) Información e asesoramento

- Información e asesoramento xurídico.
- Atención específica, psicolóxica e orientación legal, ás mulleres vítimas da violencia de xénero.
- Actuación como un canal de comunicación entre as usuarias e os organismos competentes en materia de muller.
- Coordinación cos servizos policiais, sanitarios, xudiciais, colexiais, administrativos e sociais nas casuísticas concretas.

B) Bloque. Orientación

- Información sobre os recursos dispoñibles no municipio.
- Información sobre cursos, estudos xornadas relacionadas coa igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero.

C) Promoción e participación social

- Sensibilización cidadá en torno ao principio de igualdade entre homes e mulleres.
- Promoción do asociacionismo e de participación social das mulleres.
- Elaboración e actualización do Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades.
- Realización de actos para celebrar o día da muller (8 de marzo) e conmemoración do día contra a violencia de xénero (25 de novembro).
- Desenvolvemento de actividades de conciliación da vida familiar e laboral.
- Programas de formación de mulleres e realización de talleres de ocio e tempo libre.

D) Difusión

- Creación de fondo bibliográfico de temática sobre muller e igualdade de oportunidades
- Distribución de material con contidos de igualdade entre as asociacións e centros de ensinanza do municipio.
- Elaboración de informes, estudos e investigacións no tema de muller, violencia e outros temas relacionados.

SEGUNDO : As actividades descritas no punto 1º deste acordo as realizará o Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo mediante persoal de ese organismo, correndo a cargo do mesmo os gastos necesarios para o desenvolvemento e funcionamento do Centro de Información

ás Mulleres, podendo a tal efecto autorizar os gastos e contratar as obras, servizos ou subministros que sexan necesarios conforme ao disposto na lexislación de contratación administrativa e os propios estatutos de Terra de Sanxenxo.

TERCEIRO : Esta encomenda de xestión non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo o seu prazo de vixencia indefinido, aínda que o Pleno do Concello poderá en calquera momento deixar sen efecto o mesmo.

CUARTO : Este acordo, unha vez aprobado polo Pleno do Concello e polo Consello de Administración do Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo coa expresa mención da súa aceptación se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.-----

417º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA FACER UNHA ENCOMENDA DE XESTIÓN A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA POSTA EN MARCHA DUN SERVIZO CONCERTADO DE RECOLLIDA DE AUTOMÓBILES ABANDONADOS E O SEU POSTERIOR TRATAMENTO DE DESCONTAMINACIÓN. Polo Sr. **Secretario** dáse conta do dictame favorable da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais de 22 de xullo de sobre esta proposta.

Non se produce debate e a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que foi aprobada por unanimidade de todos os membros presentes.

En consecuencia o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO : O Concello de Sanxenxo formula a súa adhesión a iniciativa da Deputación de Pontevedra respecto da posta en marcha do servizo concertado de recollida de automóbiles abandonados e o seu posterior tratamento de descontaminación, realizando en favor do citado ente provincial a encomenda de xestión do citado servizo, que se prestará nos termos do R.D. 1383/02, do 20 de decembro, que regula a xestión dos vehículos ao final da súa vida útil.

SEGUNDO : Esta encomenda de xestión deberá formalizarse mediante a sinatura do correspondente convenio para o que se faculta a Alcaldía dentro dos termos do presente acordo e non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercizo, sendo o seu prazo de vixencia de catro anos.-----

418º) DESIGNACIÓN DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2011. Polo Sr. **Secretario** dáse conta do dictame favorable da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais de 22 de xullo de sobre esta proposta.

Non se produce debate e a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que foi aprobada por unanimidade de todos os membros presentes.

En consecuencia o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo :

** Sinalar como días festivos no **Municipio de SANXENXO**, a efectos laborais os de :

* **25 de Abril (Luns de Pascua)**

* **25 de Agosto (San Xenxo)**.-----

419º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA ACOMETER A ACTUACIÓN DE “RETRANQUEO LIÑA BYMT NA PARROQUIA DE VILALONGA”. Polo **Sr. Secretario** dáse conta do dictame favorable da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais de 22 de xullo de sobre esta proposta.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, logo de indicar que votarían a favor da proposta, indicou que se debía a unha reclamación dos veciños de Vilalonga ante unha situación inconcibible como é a existencia destes postos practicamente en casco urbano. Aínda así, se vai a facer por fases, vía subvención, e tendo que poñer o concello unha parte. Lembrou que esta actuación ven motivada pola presentación no Parlamento de Galicia dun escrito coa sinaturas de 1.748 veciños independentemente de que agora se queira facer unha novela por entregas para que o PP aproveite politicamente o asunto. O xeito adecuado de resolver o problema era realizar unha actuación integral cunha adxudicación en condicións e non pola vía da subvención escollida.

A **Sra. Alcaldesa** non quixo quitar o protagonismo aos veciños de Vilalonga, indicando que xa dende o concello se lles axudou no seu día para realizar un estudo independente en busca de solucións, tamén lembrou que durante o goberno autonómico anterior a Consellería de Industria que era a competente estaba en mans do BNG e, a pesar de que por catro veces viu a delegada, non se fixo nada e agora co PP vaise arranxar, poñendo o concello a parte correspondente da obra civil.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación foi aprobada por unanimidade de todos os membros presentes.

En consecuencia o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo :

** Acometer á actuación **“RETRANQUEO LIÑA BYMT NA PARROQUIA DE VILALONGA”** nos termos sinalados, ao abeiro da Orde do 2 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o soterramento de infraestruturas eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), e se procede a súa convocatoria (DOG nº 109, do 10 de xuño de 2010), unha vez que se conceda a subvención e previo cumprimento dos requisitos esixidos na normativa de contratación.-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

420º) DACIÓN CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DE ERROS POLA QUE SE SOLICITABA SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS E A REALIZACIÓN DE DIVERSOS PROGRAMAS. Polo Sr. **Secretario** dáse conta da resolución da alcaldía de 21 de xullo do ano que andamos que literalmente di:

“Corrección de erros na resolución de Alcaldía de 26 de marzo de 2010, sobre a Solicitud de subvencións ao abeiro Orde do 19 de febreiro de 2010 da Consellería de Traballo Benestar pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais

Advertido erros na Memoria presentada dos Programas de:

- Educación Familiar (recollido por primeira vez como programa subvencionable a través da antedita Orde) e que este Concello incluíu no mesmo o custe salarial do Educador Familiar en vez de reflexalo dentro do punto de persoal da referida resolución.

- Plan Municipal das Persoas Maiores, establecéndose na resolución unha contía conxunta en concepto de Aportación Municipal Prevista, sendo requerido que esa cantidade se desglose entre os diferentes programas para os que se solicita subvención.

Esta Alcaldía en uso das atribucións legais, **RESOLVE:**

PRIMEIRO: Solicitar, coas oportunas rectificacións, á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia ao abeiro do disposto na Orde do 19 de febreiro de 2010, as subvencións “que se dirán” para a prestación dos Servizos Sociais e a realización dos Programas, e coas aportacións Municipais previstas que tamén se indican, seguintes:

. PERSOAL SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS:

Traballadoras Sociais: 2 profesionais

Presuposto Total Previsto.....	76.932,44€
Aportación Municipal Prevista.....	38.466,22€
CONTÍA SUBVENCIÓN A SOLICITAR.....	38.466,22€

Educadora Familiar:

Presuposto Total Previsto.....	30.214,26€
Aportación Municipal Prevista.....	13.298,92€
CONTÍA SUBVENCIÓN A SOLICITAR.....	16.915,34€

Auxiliar Administrativo:

Presuposto Total Previsto.....	23.927,30€
Aportación Municipal Prevista.....	7.896,00€
CONTÍA SUBVENCIÓN A SOLICITAR.....	16.031,30€

Ordenanza:

Presuposto Total Previsto.....	17.913,55€
Aportación Municipal Prevista.....	4.478,38€
CONTÍA SUBVENCIÓN A SOLICITAR.....	13.435,17€

. PROGRAMA MANTENIMENTO CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS:

Presuposto Total Previsto.....6.000,00€
Aportación Municipal: Diferencia entre o importe da subvención que se conceda e o custo total.

. PROGRAMA SERVIZO AXUDA NO FOGAR:

Presuposto Total Previsto como Prest. Básica do Plan Concertado.....36.000,00€
Presuposto Total Previsto para Persoas Dependentes Valoradas.....320.976,00€
Presuposto Total Previsto356.976,00€
Aportación Municipal Prevista.....30.000,00€
CONTÍA SUBVENCIÓN A SOLICITAR.....326.976,00€

. PROGRAMA MUNICIPAL DE EMERXENCIA SOCIAL:

Presuposto Total Previsto.....24.000,00€
Aportación Municipal Prevista.....12.000,00€
CONTÍA SUBVENCIÓN A SOLICITAR..... 12.000,00€

. PROGRAMA DE EDUCACIÓN FAMILIAR:

Presuposto Total Previsto..... 3.100,00€
Aportación Municipal Prevista..... 2.000,00€
CONTÍA SUBVENCIÓN A SOLICITAR..... 1.100,00€

**. PROGRAMA DE PREVENCIÓN COIDANDO A QUEN COIDA
(Formación e Apoio para os cuidadores non profesionais):**

Presuposto total Previsto.....12.300,00€
Aportación Municipal Prevista.....2.500,00€
CONTÍA SUBVENCIÓN A SOLICITAR..... 9.800,00€

. PROGRAMAS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS ESPECIFICOS:

. PROGRAMAS NA ÁREA DAS PERSOAS MAIORES:

PLAN MUNICIPAL DAS PERSOAS MAIORES:

- Actividade Física e Deporte para ós maiores:

Presuposto Total Previsto.....24.538,00€
Aportación Municipal Prevista.....10.000,00€
CONTÍA SUBVENCIÓN A SOLICITAR.....14.538,00€

- Taller de Memoria:

Presuposto Total Previsto.....20.607,02€
Aportación Municipal Prevista.....10.000,00€
CONTÍA SUBVENCIÓN A SOLICITAR.....10.607,02€

- Festa do Entroido:

Presuposto Total Previsto..... 7.650,00€
Aportación Municipal Prevista..... 5.000,00€

CONTÍA SUBVENCIÓN A SOLICITAR..... 2.650,00€

SEGUNDO: Aprobar a realización dos Programas, de mantemento dos Servizos Sociais e de inversión, citados.

TERCEIRO: Aos efectos do disposto no artigo 11 Punto 1 apartado 1.1 a) da Orde de referencia, faise constar que a prestación dos Servizos, no caso de continuidade, se seguen a prestar, cando menos nas mesmas condicións do ano 2009.””

A Corporación dáse por enteirada.-----

421º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 21 DE MAIO AO 19 DE XULLO DE 2010 (DE RES. Nº 618/10 Á Nº 951/10). A Sra. **Presidenta** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as Resolucións da Alcaldía dictadas dende o 22 de Marzo ao 21 de Maio de 2010, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta si se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación dáse por enteirada.-----

O **Sr. secretario** fai constar, que, de conformidade co escrito presentado na secretaría polo concelleiro do Grupo Municipal Mixto se retiran os seguintes escritos:

****ROGOS:**

- Nº de Rexistro de entrada 6807 do 03/10/09.
- Nº de Rexistro de entrada 6938 do 08/10/09.
- Nº de Rexistro de entrada 1093 do 20/02/10.
- Nº de Rexistro de entrada 812 do 08/02/10.

**** PREGUNTAS:**

- Nº de Rexistro de entrada 7781 do 09/11/09.

**** MOCIÓNS:**

- Nº de Rexistro de entrada nº 7371 do 24/10/09.

Seguidamente e, antes de pasar ao punto referido a rogos e preguntas, procedeuse a trata-las seguintes

MOCIÓNS :

422º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN RELACIÓN AO DESLINDE DA PRAIA DE AREAS. Polo voceiro do Grupo Municipal do

PP, Sr. Casal Moldes, dáse lectura a moción que literalmente di:

“”D. Ángel Casal Moldes como portavoz del grupo municipal del Partido Popular, al amparo de lo dispuesto en los artículos 91.4 e 97 del Reglamento de Organización, Funcionamento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales presenta ante el Pleno de la Corporación Municipal esta **MOCIÓN**, con base en los motivos y consideraciones desarrolladas en la siguiente:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Los vecinos afectados por el deslinde de costas en la playa de Areas, en nuestro municipio, solicitaron a través de escrito en el registro general de este ayuntamiento en fecha 21 de junio de 2010, que la corporación municipal de Sanxenxo inste a la Dirección General de Costas del Ministerio de Medio Ambiente, a revisar el deslinde aprobado por orden ministerial de 14 de mayo de 1998, por no ser acorde con lo establecido por la Ley de Costas.

En el escrito advierten de datos de relevancia erróneos en el informe morfosedimentario que sirvió de base para su tramitación y aprobación, en particular entre los puntos M-48 y M-53 del mapa de situación de muestras, que se realizaron fuera de la zona a incorporar, también las muestras manuales M-6, M-7 y M-8 se toman fuera de la zona.

Los vecinos, con los datos expuestos, consideran que sólo puede ser tenida en cuenta las fotos aéreas y la comprobación física del terreno, y ello muestra que en la zona ni existió ni existe duna, y por lo tanto, el deslinde aprobado no se adapta a lo establecido por la Ley de Costas, motivo por el cual debería ser revisado y modificado.

El grupo de vecinos, añade también, que un propietario solicitó la fijación de “ribera de mar” en 2003, a la Dirección General de Costas, dando como resultado el ser coincidente con el deslinde anterior al año 98, por lo cual, la misma administración resuelve de distinta forma dos actos que deberían ser coincidentes.

Hace pocas fechas, la Jefatura Provincial de Costas, remitió para su informe al Concello de Sanxenxo, el proyecto de deslinde en trámite entre Canelas y el límite con el Concello de Poio, en el, no se revisa el deslinde en la playa de Areas, ya que este ha sido aprobado por orden ministerial y se entiende que se adapta a la Ley de Costas. Teniendo en cuenta todo lo manifestado con anterioridad, proponemos los siguientes

ACUERDOS:

- 1- Que se remita el escrito presentado por los vecinos de Areas a la Dirección General de Costas del Ministerio de Medio Ambiente, para su conocimiento íntegro y a los efectos oportunos.
- 2- Que por parte de los servicios municipales se realice un apeo entre los mojones 32 y 53 del deslinde aprobado por O. M. de 14 de mayo de 1998 en la playa de Areas y que corresponde con los puntos M-48 y M-53 del plano de muestras del informe morfosedimentario, al que se convocarán a los representantes corporativos, representantes de los vecinos de Areas, Asociación de vecinos de Dorrón y a la Jefatura de Costas de Pontevedra. Comprobándose que existe en el punto indicado como toma de muestra fotográfica nº 14, y comprobándose también insitu en que punto pudo ser tomada la muestra fotográfica nº 14, elaborándose acta e informe.
- 3- Que si los resultados del apeo y del informe son acorde con lo expuesto por los vecinos, se inste a la D. G. de Costas a revisar el deslinde aprobado por O. M. de 14 de mayo de 1998 en la playa de Areas de nuestro Ayuntamiento.””

O **Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP**, xustificou a urxencia no escrito presentado o 21 de xullo polos veciños de Areas e pola propia remisión ao concello do proxecto de deslinde por parte de Costas.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción que foi aprobada pola unanimidade dos membros da Corporación presentes.

O **Sr. Casal Moldes** reiterou os argumentos expostos na moción.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, sinalou que aínda que pode estarse producindo unha situación inxusta no PXOM existen outros casos que prexudican a veciños na franxa litoral, unhas veces por exceso e outras por defecto, motivo polo que tiña que realizarse un estudo na xerencia de urbanismo sobre toda a franxa litoral e non solo a actuar a instancia de escritos dos veciños coa redacción dunha proposta ampla. Sinalou que se atopaba de acordo no fondo pero non na forma e que esta forma de actuación a instancias dos veciños, amosaba que o concello non se implicaba no asunto.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, empezou dicindo que estaba de acordo coa anterior intervención do voceiro do BNG e precisou que asuntos como este eran os que merecían non ser tratados pola vía de urxencia senón ir a comisión para ser mellorados e, seguramente, ampliados. Por último, esperaba ter o mesmo trato para as propostas que el presentara, especialmente en materia de urbanismo.

O **Sr. Casal Moldes** aludiu que o que non se implicaba na xestión era o BNG e aclarou que o que agora correspondía era tratar de dar solución a situación excepcional de Areas posto que, nesta zona non se revisa o deslinde na praia de Areas por ser este aprobado por orde ministerial, co que entenden se adaptan á Lei de costas. Posteriormente, será ocasión de traballar nunha modificación puntual que afecte a zona de litoral, o que hai que facer é as cousas cando corresponden, non adiantarse aos trámites.

O **Sr. Otero Domínguez** fixo constar que era moi distinta a situación en que se atopaban o Sr. Casal Moldes como concelleiro de urbanismo e, polo tanto, coñecedor de moita máis información que un concelleiro da oposición. O **Sr. Casal Moldes** replicou que o Sr. Otero Domínguez sabía dende facía meses a existencia deste expediente na xerencia de urbanismo.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que se comprometía a que calquera asunto de interese xeral que lle trasladaran para ser incluído na modificación puntual do PXOM se incorporaría ao documento que se está elaborando na xerencia de urbanismo para o seu estudo en comisión.

Non se produce máis debate e a presidencia somete a votación a moción acadándose o seguinte resultado:

Votos a **favor** : **10(Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).**

Votos en **contra** : **0**

Votos pola **abstención** : **6 (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).**

En consecuencia resultou aprobada a moción nos termos antes transcrita.-----

423º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOLICITANDO A REAPERTURA DOS CENTROS DA REDE DE DINAMIZACIÓN DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN (R. DE ENTRADA NÚM. 5929 DO 26/07/10). Polo voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Otero Domínguez, dáse lectura a moción que literalmente di:

“David Otero Domínguez, voceiro do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO de Sanxenxo,

EXPÓN:

A Xunta de Galiza, na lexislatura que contou coa presenza do BNG, a través da Consellaría de Innovación e Industria, de responsabilidade nacionalista, puxo en funcionamento centros de dinamización da Sociedade da Información e creou unha rede con todos eles, co compromiso municipal de dispoñer dun local, e financiado totalmente pola Xunta de Galiza.

Formaba parte do Plan estratéxico galego para a Sociedade da Información e o seu obxectivo era acadar, pola alfabetización dixital, un recorte significativo na fenda dixital galega, nomeadamente naqueles territorios e grupos de poboación con máis dificultades para acceder á Sociedade da Información.

Utilizáronse recurso existentes moitas veces en desuso, nomeadamente locais e infraestruturas de titularidade municipal de concellos sen posibilidade económicas para ter persoal adicado. Noutros casos abríronse novos locais e dotáronse da infraestrutura necesaria con fondos do Goberno galego. Contouse tamén con locais e infraestruturas de asociacións sen ánimo de lucro. Probabelmente o que constituíu a maior novidade da Rede, e vital para o seu éxito foi que o Goberno galego se fixera cargo na súa totalidade da contratación, formación e planificación do grupo de persoas que constituíron a parte de recursos humanos da Rede. Os centros funcionaron e están a funcionar a pleno rendemento e cunha gran asistencia.

O actual goberno da Xunta de Galiza, no seu afán de desmantelar servizos públicos importantes para a cidadanía, tamén está obstinado en poñerlle problemas aos concellos que dispoñen deste tipo de centros, utilizando para iso o cambio de nome da rede e impóndolle un convenio leonino, onde para a Xunta de Galiza se reservan a coordinación e a planificación, e para os concellos os gastos e responsabilidades do seu funcionamento.

Por iso, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar a Xunta de Galiza a:

1. Reapertura dos centros da Rede de Dinamización da Sociedade da Información.
2. Garantir a sostibilidade da contratación do persoal dinamizador dos centros.
3. Que os puntos de acceso público a Internet da rede sexan gratuítos nos horarios marcados.””

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG, xustificou a urxencia polo interese en que se volvan a abrir centros como o de Sanxenxo que está pechado.

A Sra. Alcaldesa precisou que votaría en contra da urxencia da moción xa que o que había que procurar era evitar duplicar gastos e eses centros non tiñan sentido cando era o propio concello o que prestaba o servizo.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, solicitou que o PP votara sempre a favor da urxencia para que os asuntos, alomenos, puideran debaterse.

O Sr. Otero Domínguez lembrou que o centro pechado estaba financiado ao 100% pola Xunta, incluído o persoal do mesmo, sendo un absurdo que o concello asumira calquera tipo de gasto.

A continuación a Sra. Alcaldesa someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que non foi apreciada ao obter **7 votos a favor do Grupo Municipal do B.N.G., Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Mixto e 9 votos en contra do Grupo Municipal do P.P.**-----

424º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOLICITANDO A RETIRADA DO CANON DA AUGA RECOLLIDO NO PROXECTO DE LEI DE AUGAS DE GALIZA (R. DE ENTRADA NÚM. 5930 DO 26/07/10). Polo voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Otero Domínguez, dáse lectura a moción que literalmente di:

“David Otero Domínguez, voceiro do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** de Sanxenxo,

EXPÓN:

O Proxecto de Lei de Augas de Galiza aprobado polo Goberno galego substitúe o actual canon de saneamento por dous novos tributos, o canon da auga e o coeficiente de vertido, coa única intención de aumentar a recadación por parte do goberno do PP, a costa de familias e particulares. Mentres as administracións preparan novas rebaixas impositivas para a adquisición de segundas vivendas, sen límite de prezo nin de renda dos seus titulares, o PP incrementa de xeito brutal e desproporcionado a imposición sobre o uso ou consumo de auga, nomeadamente para os usos domésticos, que serán os que soporten a maior suba de impostos. Xa no primeiro ano de aplicación destes dous novos tributos, a Xunta de Galiza, prevé duplicar a recadación prevista polo canon de saneamento para o ano 2010, cun incremento de preto de 35 millóns de euros. Unha persoa que viva soa e que teña un consumo medio, duns 3 m3. ao mes, verá como a carga tributaria do seu recibo da auga se incrementa en máis dun 363%; e unha familia de tres membros, con ese mesmo consumo por persoa, terá que soportar un incremento do 171%.

Esta é unha lei que foi elaborada sen consultar aos concellos galegos, sen discusión previa, obviando a realidade local e a grave situación económica que se sofre no país e nos concellos.

Reducen os consumos asimilábeis a domésticos, pasando dos 3.000 m3/ao ano actuais a 2.000 m3/ao ano, o que terá consecuencias moi importantes na suba que van experimentar colexios, centros de saúde, pequenos negocios, hostalaría, etc.

Suprimen as exencións existentes na actualidade para os núcleos de menos de 2.000 habitantes, prexudicando especialmente aos veciños e veciñas do rural, que terán que pagar o canon polo aproveitamento da auga dos seus propios pozos, ou de traídas veciñais, do que hoxe están exentos, e ademais aínda que non teñan servizos públicos de abastecemento de auga ou de saneamento. Só no caso de que non dispoñan de ningún destes dous servizos públicos poderán aplicar a redución prevista na lei, pero aínda non tendo ningún servizo terán que tributar polo canon da auga.

Esta lei obriga a instalar contadores homologados nos pozos particulares, baixo a ameaza de multas de até 30.000 euros.

Por outra parte, a lei non adopta ningunha medida que veña a incentivar o aforro de auga, nin nos usos domésticos nin nos outros, e por riba establece unha cota para todos os fogares aínda que non teñan consumo de auga. Trátase dunha política fiscal abusiva que queren aplicarlle a toda a poboación co único obxectivo de recadar, cando con poñer en marcha a recadación do canon industrial -como no caso de ENCE- xa incrementarían os ingresos e garantiría un uso sostíbel da auga e unha xestión transparente do canon industrial do seu uso.

Vén ser outro incremento inxusto da imposición indirecta, que soportarán os galegos e galegas, independentemente dos seus ingresos, que só reponde ao interese do goberno do PP de facer recaer o incremento da recadación sobre as familias e outros usuarios que hoxe non soportan o canon de saneamento, mentres continúan a permitir a fraude fiscal aos grandes consumidores de auga cunha elevada carga contaminante, e néganse no Parlamento galego a establecer impostos para as grandes fortunas, para as rendas superiores a 1 millón de euros.

Por iso, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Solicitar do Goberno galego a retirada do Proxecto de lei de Augas de Galiza e elaborar un novo proxecto de Lei que sexa sometido a consulta pública. Debendo recoller as seguintes cuestións:

- a) **Cumprimento da Directiva Marco da Auga e inclusión de todos os seus preceptos.**
- b) **Garantir o acceso ao ciclo completo da auga a todos os cidadáns e cidadás de Galiza en igualdade de condicións.**
- c) **Garantir unha fiscalidade progresiva para a auga en Galiza que de ningún xeito supoña un incremento da carga impositiva na situación actual de crise pola vía dos impostos indirectos.**
- d) **Regulación e ordenación dos usos da auga que recolla todas as peculiaridades do territorio galego e do acceso á auga, de xeito que se garanta que a auga sexa un servizo universal das galegas e dos galegos.**
- e) **Ter en conta unha regulación dos usos industriais da auga que garanta o uso sostíbel do recurso e unha xestión transparente do canón industrial do uso da auga.””**

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG, xustificou a urxencia polo feito de que Sanxenxo era un concello con un importante sector hostaleiro e polo tanto, consumidor de auga en grandes cantidades, ao que lle afecta gravemente este proxecto de lei de augas, sendo ademais extemporánea.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, resaltou que fai uns meses presentou unha moción contra o canon que establece a lei e a rexeitaron, esperando quen este período de tempo cambien de opinión.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da

urxencia da moción que foi aprobada pola unanimidade dos membros da Corporación presentes.

O Sr. Otero Domínguez subliñou que na Xunta de Galicia se falaba no seu día de baixada de impostos e agora se aplica este novo canon.

O Sr. Rodríguez Lorenzo incidiu na obriga de instalar contedores homologados en pozos particulares baixo ameaza de multas de ata 30.000 euros. Neste intre a **Sra. Alcaldesa** interveu para indicar que esto ultimo dito non era certo e preguntou a súa vez en que parte da lei se recolle o citado. **O concelleiro do Grupo Mixto** manifestou que se lle facilitaban unha lei se comprometía a buscalo antes de que rematara a sesión.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que xa era hora de que se fixera esta lei e preguntou aos concelleiros da oposición se sabían canto pagaban os hostaleiros e os veciños de Sanxenxo polo saneamento cando en outros concellos, como Poio, non pagaba nada. Engadiu que o concello mantén a depuradora e ademais se paga un canon de saneamento, cando en toda Galicia tiñan que pagar os que consumen. Ademais a moción está chea de falsidades como a referencia aos pozos particulares ou as traídas existentes.

O Sr. Otero Domínguez indicou que a palabra da alcaldesa valía tanto como a súa e que el non desconfiaba da certeza da moción, achacándolle a alcaldesa que defendía ao seu partido por enriba de todo e lembrou que na Xunta de Galicia e no Concello de Sanxenxo gobernou case sempre o PP e non puido evitar esta situación. Explicou que o goberno municipal puxo a disposición da xunta os terreos da depuradora e se preguntou cal é a xestión municipal da depuración, cando ao final tiveron que ser os propios promotores das obras os que presentaran un plan director de saneamento.

O Sr. Rodríguez Lorenzo dixo que estaba de acordo en que existira unha lei de augas pero a moción no di nada en contra desto, senón que se retire o proxecto actual. Tamén manifestou que agás seis anos este goberno estivo gobernado polo PP e en Santiago, practicamente igual, polo que se deberon tomar medidas ao respecto, engadindo que é certo que en Poio a auga é máis barata que en Sanxenxo e que debía procurarse que ninguén non pague cando os demais pagan.

A **Sra. Alcaldesa** reiterou que en Portonovo, ao ser un núcleo de máis de 2000 habitantes, si se paga canon, que o problema son os concellos que non depuran as augas e, aínda así, algún tamén aplica un canon de saneamento aos veciños. Sinalou que agás 180 veciños de A Granxa de Abaixo non existe en Sanxenxo problemas de depuración de augas e ata a situación de eses veciños se solucionará conxuntamente coa a de Poio, engadindo que se construíra en Sanxenxo unha nova depuradora e que si o que ela considerou que non aparecía na lei ao final se aprobaba, retomaríaa moción para traela ao pleno.

Rematado o debate, a presidencia somete a moción a votación na que acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor : 7 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra : 9 (Grupo Municipal do PP).

En consecuencia non resultou aprobada a moción antes transcrita.-----

425º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO PARA QUE SE INSTE A EMPRESA MIXTA “TURISMO DE SANXENXO” E A “TURISMO RÍAS BAIXAS” PARA QUE NA INFORMACIÓN METEREOLÓXICA QUE SE EMITE NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA DIFERENCIEN O CLIMA EXISTENTE NO NORTE E NO SUR DE GALICIA (R. DE ENTRADA NÚM. 3335 DO 11/05/10). Pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Sra. Aguíñ Pombo, dáse lectura a moción que literalmente di:

“”””O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través do sua voceira Dulcinea Aguíñ Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN

Fai moito tempo que vimos observando, tanto nos medios de comunicación públicos coma privados, que existe unha discriminación con respecto a outras comunidades á hora de informar sobre a climatoloxía, máis concretamente, da zona do Mediterráneo. Días antes do comezo dunhas vacacións ou en vísperas do comezo dunha ponte, observamos que, cando o tempo é favorable para Galicia, apenas o resaltan pero, si polo contrario, está chovendo, fan conexións en directo dende Santiago e realizan afirmacións coma: “los gallegos están acostumbrados a la lluvia” ou “en Galicia está lloviendo como es habitual”.

Polo contrario, en zonas do Mediterráneo, poucas son as veces que falan cando chove e, no caso de que chova, as conexións só as realizan no momento no que sae o sol para ensinar as súas praias.

Cando falan de Galicia fóra das nosas fronteiras, a relacionan con natureza, praias e cunha falta de sol. Coma todos sabemos, a falta de sol é un mito, posto que nos últimos anos a climatoloxía de Galicia cambiou e, máis concretamente, a do Sur da Comunidade. Podemos dicir que hai unha diferenza importante entre o norte e o sur de Galicia.

Por todos é sabido que Sanxenxo conta cun microclima que nos fai diferentes a outras zonas de Galicia, máis concretamente, pode estar chovendo en Santiago de Compostela e chegar a Sanxenxo e estar lucindo o sol. Cando, por parte dos responsables da información do tempo, non dan os datos correctos ou, simplemente poñen unha nube con chuvia en Galicia, pode dar lugar a que alguén, que está planificando vir de vacacións e lle den esta información escasa ou errónea, condicione a súa decisión de visitarnos. Non é sorpresa que en vísperas dunha ponte, cubran Galicia con dúas nubes que se supón que abarcan toda a Comunidade e lugares como Valencia teñan un sol por provincia.

Un exemplo destes datos erróneos o temos na información do tempo da TVE do día 17/04/10. Na información do domingo 18 decía que chovería en Pontevedra e tivemos un día de sol e praia.

Dende o PSdeG-PSOE de Sanxenxo cremos que esta mala información do tempo da lugar a unha perda de visitantes nas zonas da nosa provincia e, máis concretamente, axuda a que Sanxenxo perda turistas, posto que Sanxenxo é un dos motores máis importantes do turismo galego, e máis concretamente, do turismo da Provincia de Pontevedra.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

ACORDO:

1. Instar a Empresa Mixta Turismo de Sanxenxo así coma a Turismo Rías Baixas para que manteñan contactos cos responsables da información metereolóxica das diferentes televisións públicas e privadas que emiten na comunidade autónoma galega e diferencien o clima existente no norte de Galicia e Sur, como fan noutras comunidades autónomas, diferenciando a información metereolóxica por provincias. Unha mala información sobre o estado do tempo as portas dun fin de semana así como das vacacións ou pontes, xenera unhas perdas importantes para os empresarios del sector e a economía deste Concello”””””.

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, xustificou a urxencia na información errónea que reiteradamente se dan nos servizo metereolóxicos respecto das prediccións en Sanxenxo, recollendo críticas realizadas por xente do sector do turismo.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que o grupo popular votaría a favor da moción.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción que foi aprobada pola unanimidade dos membros da Corporación presentes.

A **Sra. Aguíñ Pombo** reiterou os argumentos expostos na moción.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, lembrou que xa en 1994 se presentara unha queixa pública sobre este problema e dende esa data seguen producíndose informacións erróneas que causan trastornos ao sector turístico.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que o grupo popular votaría a favor da moción para seguir nunha liña de traballo que veñen realizando e lembrou que no ano pasado a deputación organizou un congreso na Toxa en donde se plantexou a persistencia dos erros á hora de predecilo tempo en Sanxenxo ao incluír a información de Galicia dun xeito uniforme sen ten en conta as peculiaridades desta zona, recoñecendo que sempre é escaso o tempo da información metereolóxica.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** aludiu a que o problema non era solo de Sanxenxo senón das Rías Baixas en xeral.

Rematado o debate a presidencia somete a votación a moción que foi aprobada por unanimidade de todos os membros presentes nos termos antes transcrita.-----

426º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO PARA QUE SE INCORPORE OS FONDOS DESTINADOS A SUBVENCIONAR PROXECTOS DOS GRUPOS E ACCIÓNS COSTEIRA (GAC) NA CONVOCATORIA DE 2009 AO EXERCICIO DE 2010 (R. DE ENTRADA NÚM. 4016 DO 31/05/10). Pola **voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Sra. Aguíñ Pombo**, dáse lectura a moción que literalmente di:

“”””O Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do **Pleno da Corporación** esta **MOCIÓN**, en base a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG do 28 de xullo de 2008 publicou a Orde que desenvolve a convocatoria pública e establece as zonas costeiras e o número de grupos. Os grupos de acción costeira (GAC) están integrados por entidades sen ánimo de lucro que representen os sectores sociais: Pesqueiro, social, público, etc... Coa particularidade de que o sector pesqueiro debe liderar o GAC e atribuíse o 50% dos votos dentro deste.

Os artigos 43 e 45 do Regulamento (CE) 1198/2006 do FEP establece as medidas que poden ser subvencionadas:

- Consolidar a competitividade das zonas costeiras.
- Reestruturar e reorientar as actividades económicas, en particular a través da promoción do turismo ecolóxico, sempre que estas actividades non dean lugar a un aumento do esforzo pesqueiro.
- Diversificación de actividades.
- Aumento do valor engadido dos produtos da pesca.
- Axuda ás pequenas infraestructuras relacionadas coa pesca e o turismo en pequenos municipios pesqueiros.
- Protección do medio ambiente.
- Restablecer o potencial productivo en lugares afectados por catástrofes naturais ou industriais.
- Protexer os valores medio ambientais e naturais das zonas costeiras.
- Adquirir competencias en estratexias de desenvolvemento local.
- Contribuír ao sostemento dos grupos.

A Orde do 27 de agosto de 2009, establece as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro dos plans estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Mar aos grupos de acción costeira.

Por Resolución do 16 de decembro de 2009, a Consellería do Mar decide declarar deserta a convocatoria de 2009 alegando distintas e variadas razóns. O feito foi que todos os grupos que fixeron o esforzo de redactar un proxecto víronse privados duns recursos preciosos e impediron investimentos e emprendementos nas zonas onde operaban.

A Xunta de Galicia chegou a asumir o compromiso de incorporar os fondos ao presente exercicio pero o certo é que, a día de hoxe, aínda non está claro este extremo nin se sabe o que vai pasar cos proxectos que, cumprindo coa Orde do 27 de agosto de 2009, se viron privados destas axudas e que, despois de presentarse de novo, neste exercicio, están vendo como a valoración dos seus proxectos están a ter valoracións radicalmente distintas ás obtidas no exercicio anterior, ao ter que competir noutras condicións e cun número maior de proxectos que non se presentaron na convocatoria anterior.

As inciativas que facilitan a diversificación productiva e laboral convértense en imprescindibles nun momento económico como o que nos toca vivir neste concello, polo que parece unha irresponsabilidade que a Administración autonómica non facilite o investimento e o dinamismo empresarial e social, castigando aos que fan os seus deberes porque outros non foron capaces de "progresar adecuadamente".

Por todo o anteriormente exposto o GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA do Concello de Sanxenxo presenta para o seu debate en Pleno esta MOCIÓN para que o Concello de Sanxenxo inste á XUNTA DE GALICIA a:

- 1- Incorporar os fondos destinados a subvencionar proxectos dos grupos e accións costeira (GAC) na convocatoria de 2009, ao exercicio 2010.
- 2.- Incorporar, de oficio, os proxectos presentados acolléndose á convocatoria de 2009, respectando a puntuación e valoración acadada nese exercicio.
- 3.- Buscar e facilitar apoio financeiro, complementario das axudas recoñecidas con cargo o Eixo 4, aos promotores de inciativas innovadoras e dinamizadoras das comarcas costeiro dependentes""""".

A Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, xustificou a urxencia pola necesidade de mellorar a xestión das axudas que se están realizando para diversas actividades nos grupos de acción costeira.

A Sra. Alcaldesa indicou que o grupo popular votaría en contra da urxencia posto que este asunto xa foi debatido nos órganos correspondentes dos grupos de acción costeira que lle trasladaron a xunta as conclusións que consideraron oportunas respecto da xestión dos GAC e que nalgúns casos coincidían coas citadas na moción e noutros non.

A continuación a **Sra. Alcaldesa** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que non foi apreciada ao obter **7 votos a favor do Grupo Municipal do B.N.G., Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Mixto e 9 votos en contra do Grupo Municipal do P.P.**-----

427º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOLICITANDO Á CONCELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E OBRAS PARA QUE SE ASFALTE E SE LIMPE A MALEZA DA ESTRADA DE MIRAFLORES (R. DE ENTRADA NÚM. 5838 DO 22/07/10). Pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, **Sra. Aguín Pombo**, dáse lectura a moción que literalmente di:

“”””O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través do sua voceira Dulcinea Aguín Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN

Na estrada de Miraflores que comunica Sanxenxo, Padriñán así como outras parroquias do Concello como Bordóns e Dorrón é unha estrada moi transitada por veciños e turistas durante o ano e durante a época estival serve para aliviar unha parte dos atascos da Rúa Progreso de Sanxenxo.

A devandita estrada presenta un asfalto moi deteriorado, existen bahce, inexistencia de canalizacións de augas pluviais no lado da estrada, e coa cegada das chuvias provoca auténticos characos na estrada sendo un auténtico perigo para os viandantes así como para os vehículos.

Dita zona tamén está chea de maleza e nunha situación de abandono o que implica unha mala imaxe para a zona.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte .

ACORDO:

1. Que se proceda por parte da concellería de Infraestructuras e Obras deste Concello ó asfaltado desta estrada así como a limpeza da maleza”””””.

A **Sra. Aguín Pombo**, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, xustificou a urxencia polo interese que ten o arranxo dunha estrada transitada para tratar de evitar que se produzan accidentes, recoñecendo que aos poucos días de presentar a moción xa se procedeu a limpeza da maleza.

A **Sra. Alcaldesa** dixo que o grupo popular non ía apoiar a urxencia por canto, como manifestou a voceira do grupo socialista, a limpeza xa estaba realizada e a deputación, como estrada provincial, tiña adxudicado o asfaltado que o ía a realizar no mes de setembro a petición do concello.

A continuación a **Sra. Alcaldesa** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que non foi apreciada ao obter **7 votos a favor do Grupo Municipal do B.N.G., Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Mixto e 9 votos en contra do Grupo Municipal do P.P.**-----

428º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO SOLICITANDO O ASFALTADO EN QUENTE DE VARIAS PISTAS EN VILALONGA (ARNOSA, LAGAREI, FREIXO, ROUXIQUE...) (R. DE ENTRADA NÚM. 2148 DO 09/04/10). Polo concelleiro do Grupo Municipal Mixto, Sr. Rodríguez Lorenzo, dáse lectura a moción que literalmente di:

“””” José L. Rodríguez Lorenzo, representante de VIPS (Veciños Independientes Por Sanxenxo) en la Corporación manifiesta:

Pocas zonas de Sanxenxo están tan abandonadas como el lugar da Arnosa, Lagarei, Freixo y Rouxique, en la parroquia de Vilalonga, los vecinos de la zona tienen unas pistas intransitables, propias de los años 40; con vertederos incontrolados incluidos. El abandono por parte del ayuntamiento es la nota dominante de esta zona tan bonita, parece el tercer mundo

Hace 13 meses le presentábamos:

“La Pista que discurre desde el cruce que va a la fábrica de cerámica campo, hasta “As Cachadas”, de tan solo unos 350 metros de longitud, se encuentra en un estado lamentable. En su día fue asfaltado en frío y mas tarde reparado después de colocar tuberías de alcantarillado. Hoy en día su estado es de tal deterioro, que a través de esta M o c i ó n

Solicitamos que, teniendo en cuenta el estado y su pequeña longitud, desde el concello se pongan todos los medios necesarios en marcha para realizar un nuevo asfaltado, en caliente, de dicho vial de la parroquia de Vilalonga.

Que la obra se realice, a ser posible, antes de que llegue la temporada de lluvias.””””

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, indicou que as razóns de urxencia estaban indicadas na moción.

A continuación a Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción que foi aprobada pola unanimidade dos membros da Corporación presentes.

O Sr. Rodríguez Lorenzo pediu que se aprobara a moción para que se solucionaran os defectos en que se atopaban as citadas pistas.

A Sra. Alcaldesa amosou o seu acordo coa moción e indicou que o concelleiro de infraestruturas se personaría nas zonas descritas na moción e se actuaría unha vez se comprobara o estado das pistas.

Rematado o debate a presidencia somete a votación a moción que foi aprobada por unanimidade de todos os membros presentes nos termos antes transcrita.-----

429º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO SOLICITANDO SE TRAMITE UNHA MODIFICACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (R. DE ENTRADA NÚM. 5696 DO 15/07/10). Polo concelleiro do Grupo Municipal Mixto, Sr. Rodríguez Lorenzo, dáse lectura a moción que literalmente di:

“”””JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ LORENZO, representante de **VIPS** (*Vecinos Independentes Por Sanxenxo*), en la Corporación, expone.

El pasado año le presentábamos a ustedes, la siguiente moción:

“A comienzos de la legislatura, y durante un debate plenario, nuestro grupo le solicitó, propuso, que deberíamos realizar una modificación del Plan Xeral de Ordenación Municipal, para llevar a fin pequeñas modificaciones destinadas a corregir determinadas deficiencias que figuran en el actual.

Nunca más lejos de nuestra intención que dicha modificación se propusiese para crear más desestabilización urbanística en nuestro suelo, o en la construcción, de la que ahora tenemos.

Errores de grafiado; dar cumplimiento a mas de una sentencia firme, consecuencias del ahora existente; necesidades de corregir alineaciones indebidas; plasmar alegaciones aceptadas durante el desarrollo del actual y que no fueron recogidas en el planeamiento; ubicación de nuevas instalaciones deportivas, o modificación del perímetro que ahora tenemos en suelos calificados para tal menester; creación de empleo, etc., son algunas de las circunstancias que nos llevaron a solicitar dicha modificación”

A continuación solicitábamos a través de una moción ***que la Corporación acordase llevar a término una modificación del Plan X. de Ordenación Urbana,***

La moción fue rechazada en el pleno, aunque meses mas tarde se llevó a cabo una de modificación para la ubicación del club de piragüismo de Portonovo, algo que no consideramos la mejor ubicación.

Ahora, cada día tenemos mas claro la necesidad de realizar las correcciones que proponíamos en la moción. Cada mes que pasa conocemos nuevas disfunciones, al no cumplir el PXOM. en algunos casos con lo que debe ser el espíritu de un planeamiento, sobre todo en asentamientos tradicionales.

Líneas divisorias entre ordenanzas, que dejaron inservibles parcelas por errores de delineado; necesidades de corregir alineaciones indebidas; plasmar alegaciones aceptadas durante el desarrollo del actual y que posteriormente no fueron recogidas en el planeamiento; correcciones del perímetro que ahora tenemos en determinados suelo; etc.; son circunstancias que deben llevar a que se realicen pequeñas correcciones de errores a través de una modificación del PXOU. Demandas todas ellas de pequeños e históricos propietarios, siempre lejos de la especulación y que todos, además de nuestros técnicos, conocemos alguna de ellas.

*Por todo lo anterior solicitamos para su debate y aprobación ante el pleno de la corporación la siguiente **MOCIÓN:***

Que por el Pleno de la Corporación se acuerde llevar a término en la presente legislatura, una modificación del Plan Xeral de Ordenación Urbana para aquellos casos que se consideren errores, equivocaciones de planeamiento.””””

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, xustificou a urxencia polo feito de que as modificacións derivadas dos erros do PXOM as veñen demandando os veciños practicamente dende que se aprobou o planeamento, existindo casos autenticamente fragantes.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción que foi aprobada pola unanimidade dos membros da Corporación presentes.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** indicou que este problema xa empezou antes da aprobación do PXOM, posto que na tramitación do mesmo houbo alegacións que se aceptaron e non se plasmaron no documento final, logo da aprobación se detectaron erros por todos coñecidos e agora xa pasaron un período de tempo suficientemente amplo de entrada en vigor do plan cómpre abordar unha modificación.

O **Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP**, aludiu a que votarían en contra da moción posto que xa na xerencia de urbanismo se está a preparar un documento de modificación puntual do PXOM no que, dende o punto de vista do interese xeral, se rectificuen determinados erros existentes no PXOM, explicando que se centrarán nas variacións de liñas de estradas, costas, a eliminación da variante de Dorrón e a propia dinámica derivada da existencia dalgunhas sentenzas xudiciais. O interviniente invitou aos grupos políticos a trasladar a información que consideren oportuno para incorporar ao documento que se está confeccionando.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, sinalou que xa en agosto de 2006, polo equipo redactor do plan, se fixo un documento para corrixir erros detectados no PXOM, documento que todos os grupos políticos de aquela corporación xa teñen, non parecéndolle presentable que o asunto se retome poucos meses antes da celebración das eleccións, o que demostra que non houbo vontade por parte deste goberno municipal para solucionar este asunto, polo que será a vindeira corporación a que o realice xa que o PXOM necesita unha revisión dada a existencia de erros evidentes.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, dixo que para el o importante non era que se aprobara esta moción senón que se fixera o que nela se di. Dende 2003 as necesidades están aí, seguen sen corrixirse e rematou para precisar que non aportaría información senón é non seo dunha comisión onde se debatan erros que poidan afectar a aliñacións, situacións de parcelas, etc.

A **Sra. Alcaldesa** subliñou que votaría en contra precisamente polo que dixo o Sr. Rodríguez Lorenzo, xa que a modificación afectará a cuestións de interese xeral, non por cuestións particulares que puidesen ser consideradas como recalificacións. Precisou que o PXOM non necesita unha revisión senón unha modificación para corrixir erros e outros motivos apuntados polo Sr. Casal Moldes e explicou que a partir do ano 2006 producíronse determinadas situacións que, polas mesmas razóns de interese xeral, convén incluír na modificación. A modo de exemplo a interviniente indicou que a última modificación tramitada, non se realizou unicamente polo asunto do club de piragüismo senón que afectou a unha ordenanza que tiña un ámbito territorial mais amplo. Respecto do indicado polo Sr. Rodríguez Lorenzo sobre a aportación de documentación manifestou que lle daba o mesmo, se os concelleiros a querían aportar antes da comisión ou na propia celebración desta.

Rematado o debate, a presidencia somete a moción a votación na que acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor : 7 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra : 9 (Grupo Municipal do PP).

En consecuencia non resultou aprobada a moción antes transcrita.-----

ROGOS :

1º ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 11/05/10 (R. DE ENTRADA NÚM. 3338) : Pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Dna. Dulcinea Aguín Pombo, dáse lectura ao escrito que literalmente di:

“”””ROGO que formula Dna Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

No parque público de Baltar hai bancos de pedra rotos. Ademais nos seus arredores existe lixo e maleza (Adxuntamos fotografías).

ROGO: que por parte da Alcaldía se fagan tódolos trámites necesarios para subsanar as mencionadas deficiencias.””””-----

2º ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 30/06/10 (R. DE ENTRADA NÚM. 5292) : Pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Dna. Dulcinea Aguín Pombo, dáse lectura ao escrito que literalmente di:

“”””ROGO que formula Dna Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

Na praza de abastos de Portonovo hai unha marquesina a cal conta con un panel de metacrilato que serve para por información. A realidade é que no devandito panel colócase todo tipo de información pero non conta con horario de autobuses. Tendo en conta que a devandita marquesina é unha parada obligatoria para os autobuses é necesario que dispoña dun horario de autobuses, tando para os veciños/as de Portonovo como para os turistas que nos visitas nestas datas. Adxuntamos fotografía.

ROGO: que por parte da Alcaldía se fagan tódolos trámites necesarios para subsanar as mencionadas deficiencias.””””-----

3º ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 30/06/10 (R. DE ENTRADA NÚM. 5293) : Pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Dna. Dulcinea Aguín Pombo, dáse lectura ao escrito que literalmente di:

“”””**ROGO** que formula **Dna Dulcinea Aguín Pombo**, voceira do PSdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

Os accesos da Casa de Cultura de Dorrón son uns escalóns de hormigón, estreitos en diferentes alturas. A realidade é que dita casa é utilizada por nenos, persoas maiores, etc. o cal é perigoso porque non conta cunha varanda de apoio, correndo un grave risco as persoas que utilizan a Casa de Cultura, polo que é necesario a colocación dunha varanda para evitar caídas das persoas que utilizan a devandita casa. Adxuntamos fotografía.

ROGO: que por parte da Alcaldía se fagan tódolos trámites necesarios para subsanar as mencionadas deficiencias.””””-----

4º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 30/06/10 (R. DE ENTRADA NÚM. 5841) : Pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, **Dna. Dulcinea Aguín Pombo**, dáse lectura ao escrito que literalmente di:

“”””**ROGO** que formula **Dna Dulcinea Aguín Pombo**, voceira do PSdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

O carón da urbanización do PEI 2 e PEI 3, os terreos están cheos de maleza, basura e ademais hai un coche queimado abandonado. Tendo en conta que nos topamos nunha zona completamente urbana e o carón dunha zona verde. (Adxuntamos fotografías).

ROGO: que por parte da Alcaldía se fagan tódolos trámites necesarios para subsanar as mencionadas deficiencias.””””-----

5º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO DO 06/04/10 (R. DE ENTRADA NÚM. 2035) : Polo voceiro do Grupo Municipal Mixto, **D. José-Luis Rodríguez Lorenzo**, dáse lectura ao escrito que literalmente di:

“”””**JOSE L. RODRIGUEZ LORENZO** representante del **VIPS. (Veciños Independentes Por Sanxenxo)** en la Corporación de Sanxenxo, manifiesta:

Mas de una vez, alguno de los vecinos que utilizan diariamente la Pista denominada “Camiño da Bouza, o tambien, “Camiño eira Vella”, situado en el lugar de Buezas (frente al número 27A), de la parroquia de Nantes, se han dirigido a algún representante municipal para que se lleve a cabo el asfaltado de dicha pista, de tan solo unos 120 metros de longitud.

Si nos acercamos a la misma, podemos comprobar que hasta tiene contenedores de recogida selectiva (por cierto sobre la finca de un vecino), pero la misma nunca fue asfaltada. Por eso entendemos la desesperación de unos vecinos, que aun siendo pocos, pertenecen al municipio que hace pocas fechas su alcaldesa presumía de que éramos **“Un municipio rico**. Ya en aquel momento le contestamos que **“es rico quien no necesita mas de lo que tiene, y no el que tiene mucho”**. ¿Aun sigue usted pensando que éramos un municipio rico con accesos a las casas de nuestros vecinos con el mismo firme que se utilizaba en el paleolítico?: tierra, pues los romanos ya empedraban los firmes.

Como en pleno siglo XXI no se puede estar viviendo con los mismos accesos a las viviendas de tiempos remotos, y siendo tan merecedores quienes allí residen, de disfrutar de los mismos servicios que aquellos que ya los tenemos.

Además, como dicha pista, además, ya está dotada de alcantarillado, solicitamos, a través del presente RUEGO:

Ordene la confección a nuestros técnicos de la redacción del "proyecto" dotado del presupuesto suficiente para acometer el firme necesario en dicha pista.

De no hacerlo ustedes, será de lo primero que acometeremos desde VIPS, después de las elecciones del 2011. No se puede permitir que nadie resida en un vial en dichas condiciones. """"-----

6º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO DO 06/04/10 (R. DE ENTRADA NÚM. 2038) : Polo voceiro do Grupo Municipal Mixto, D. José-Luis Rodríguez Lorenzo, dáse lectura ao escrito que literalmente di:

""""José L. Rodríguez Lorenzo, representante de **VIPS (Veciños Independientes Por Sanxenxo)** en la Corporación manifiesta:

Estos días, durante una visita a Dorrón, ejerciendo como oposición, hemos tenido varias demandas de los vecinos, de las cuales algunas hemos trasladado a los servicios correspondientes y otras lo hacemos a Ustedes, por ser cuestiones a resolver presupuestariamente, o fuera de las faenas habituales de los servicios del concello.

Vecinos de Rexenxo nos han demandado algo que es de fácil solución: Cambiar el lugar de desagüe de la fuente-lavadero, que tiene dicho lugar, justamente en su linde con Recarei. Los motivos son:

1. Al desaguar justamente por al lado de donde entra el agua, las que están dentro del lavadero no circulan y no se regeneran, con lo que siempre las tienen sucias o llenas de un verdín propio de la falta de renovación de las mismas.
2. El perímetro del lavadero se "encharca" y siempre está mojado, lo que hace muy difícil su utilización sin mojarse los pies.

En cuanto el que está ubicado en el lugar de Barreiro (también en Dorrón), justo al lado del inmueble número 41, nos han descrito una situación del mismo, que ha hecho que fuésemos a verlo de inmediato.

1. El lugar que ocupan las personas que lo utilizan (un solo lateral tiene para dicho menester dada su ubicación), le ocurre lo mismo; pero en mucha más cantidad que el de Rexenxo, aquí el agua, debido a su gran manantial, hace casi imposible su utilización.
2. Pero lo que realmente les preocupa a los vecinos es que los apoyos sobre los que se sostiene la cubierta están resquebrajados, y dada su situación al lado de una pista asfaltada y de paso diario de vehículos (que pueden llegar a rozarla, por estar en una curva), siendo fácil que en cualquier momento se caiga sobre la fuente-lavadero; el daño podría ser mortal si alguien se encuentra utilizándolo. Parte de la

responsabilidad, o toda dependiendo el caso, cuando menos desde ahora, de quienes tenemos la obligación de repararla.

Por todo lo anterior por el gran significado u uso que tienen dicho patrimonio, además del peligro mencionado, presentamos el siguiente RUEGO, a demanda de los vecinos:

Se tomen las medidas necesarias para resolver lo anteriormente relacionado, dándole trato de urgencia (después de una visita de los técnicos que aconsejen como hacerlo), al lavadero de Barreiro, por el peligro que puede tener si se derrumba.

Es de destacar que las dos Lavaderos-fuente, de dicha parroquia son muy utilizados y unos "rincones preciosos", en las inmediaciones del valle de Dorrón. """"-----

7º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO DO 22/07/10 (R. DE ENTRADA NÚM. 5852) : Polo voceiro do Grupo Municipal Mixto, D. José-Luis Rodríguez Lorenzo, dáse lectura ao escrito que literalmente di:

""""José L. Rodríguez Lorenzo, representante por el VIP (Veciños Independentes Por Sanxenxo) en la Corporación , manifiesta:

Varias veces VIPS se dirigió a la corporación, por ello obran en su poder diferentes escritos que hemos presentado durante esta legislatura en las que le expresaba nuestra preocupación por la permanencia del Centro de Salud de la Villa de Sanxenxo pidiéndole que realizase las gestiones necesarias para que siguiera prestado una atención cercana a la población asistida, mayoritariamente de edad, descongestionando los Centros de Baltar y el nuevo de Villalonga.

No tenemos constancia de que realizase ninguna gestión tendente a la permanencia del Ambulatorio de la Villa de Sanxenxo y en estos momentos VIPS puede anunciarle el cierre del mismo es cuestión de poco tiempo ante la desidia de Vd. y de la Consellería de Sanidade.

Solicitábamos demandar de la Xunta de Galicia que la atención en el centro de salud ubicado en la Rúa Progreso , fuese mejorada. Las causas eran diversas, desde la falta de médico cuando el titular gozaba de permisos, bajas o vacaciones; al abandono del propio centro; el incumplimiento de los accesos al no estar preparados para la atención a personas con determinado tipo de minusvalías o la mala ubicación y aparcamiento por estar situado en una de las calles de mayor tráfico de Galicia. Debemos reconocer que facultativo ya mandan cuando el titular no se encuentra, por lo tanto algo se logró, mejoró.

También aprobamos una moción presentada por VIPS, en la que se aceptaba la iniciativa de negociar con la Consellería de Sanidad para poder llegar a dotar a la Villa de un nuevo local para suplir al actual por no cumplir normativamente. Nunca se nos informó sobre el tema, si se le ofreció el local, o de la disposición de la Xunta.

Ahora (por fallecimiento del celador), hemos comprobado que el centro está desatendido en aquellas atenciones que realizaba dicho profesional, pues no se ha suplido con nadie que tenga presencia constante; nos referimos a la necesidad de un trabajador de la escala de "Persoal de Servizos Xerais" que atienda a los pacientes; los archivos; ayude a subir el "calvario" de los peldaños de la entrada a muchas personas mayores que lo necesitan; eche una mano al personal sanitario cuando sea necesario; etc.

El centro de salud de Sanxenxo no solo no se potencia en recursos humanos sino que las condiciones del mismo siguen siendo lamentables, no haciendo nada la Consellería con el fin de que puedan acceder las personas con mala movilidad. Cada vez estamos más convencidos de que dentro de

los proyectos de la Xunta de Galicia está el “cargárselo” (indicios y confidencias tenemos), algo que mantenemos desde hace mucho tiempo contra lo que en su día Ana Pastor, ex ministra de Sanidad, diputada y responsable de los temas de sanidad en el Partido Popular había defendido, no solo la permanencia del citado centro sino su ampliación (solo posible con el traslado), y mejora y, ahora se presten a su clausura por la dejadez demostrada por Vd. en la falta de defensa de un servicio tan necesario para unos vecinos, mayoritariamente de edad, que tendrán que desplazarse forzosamente al nuevo que se les asigne. Por todo ello, **desde VIPS, solicitamos públicamente a la Consellería de Sanidade que potencie el centro de Salud ubicado en Sanxenxo, con la dotación de personal de Servicio Xerais, además de su traslado a un local que cumpla con la normativa de accesos para minusválías, concretamente que se pueda acceder con una silla de ruedas**

Es el centro mas antiguo de todos ellos y parece que tiene sus días contados sin que Vd. y Sanidade hagan nada por su permanencia motivo por el cual le pedimos que se ponga las pilas y comience a hacer las gestiones necesarias para que el cierre del mismo no se produzca en interés de una sanidad pública cercana a los vecinos que la necesitan.

Pacientes de la zona de influencia: Dorrón, Bordons, Nantes y Padriñan, empiezan a deliberar si deberían empezar a pensar en alguna manifestación pública en defensa del centro de Salud antes de que sea tarde. Quedarnos sin atención o seguir manteniendo el actual centro con dichas barreras arquitectónicas, significa que en vez de avanzar en las conquistas sociales, retrocedemos ante la apatía de la que hacen gala los poderes públicos.

Los representantes de los vecinos estamos en la Corporación para trabajar por el bien de Municipio, unos fueron elegidos para gobernar y a otros para fiscalizar el trabajo que hacen los unos.

Por todo lo anterior, en defensa del centro de salud de Sanxenxo, que lo es en defensa de los asegurados de la zona de influencia, previo a una pregunta que haremos en el pleno Ordinario a celebrar en el mes de septiembre, presentamos el siguiente RUEGO:

Que la alcaldesa se dirija a la Xunta de Galicia, Consellería de Sanidad, en demanda de la mejora del centro de Atención de Sanxenxo, tanto en la dotación de personal de Servicios Xerais, como en el cambio a un local que cumpla la accesibilidad para minusválidos. Recabando información lo más amplia posible sobre mejoras y plazos y, como donde hay papeles callan las barbas: Que las pretensiones sobre el futuro del centro nos sean comunicadas por escrito.”””””-----

8º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO PRESENTADO VERBALMENTE NA SESIÓN : Polo voceiro do Grupo Municipal Mixto, D. José-Luis Rodríguez Lorenzo, dáse lectura ao escrito que literalmente di:

“””””Aquí les mando unas fotos en las que podemos ver como el agua que baja de Fabal viene por medio del lateral de la vía rápida, metiéndose por el túnel siendo así dicho túnel intransitable pasar por ahí.

En otra podemos observar la fuente (donde los arillos) está cubierta totalmente de maleza, taponando así el tubo que lleva el agua al lavadero para recoger el agua de la fuente.

Anteriormente les pedimos el vallado para el entorno de la laguna por el peligro que suponía para los vecinos, pero como se puede observar solo fue puesto junto al lavadero, donde menos peligro ahí. (el lavadero se encuentra en buen estado).

Lo que pedimos es la limpieza de la fuente y el entorno de la laguna y su vallado.”””””-----

PREGUNTAS :

- O Sr. Otero Domínguez preguntou sobre cales son as xestións realizadas para trasladar o poste que está enfrente do instituto de Vilalonga dado que sería interesante solucionar este tema durante o verán e antes do comezo das clases.

A Sra. Alcaldesa contestou que se intentaría realizar o traslado nesta época e para eso se están realizando xestións con veciños que teñen fincas cercanas pero se hai que expropiar non vai ser posible.-----

